

- Que lle iba decir eu, pola miña terra cuando se mallaba tamén acababa todo nun... na eira así ao acabalo día tamén había un belén del demonio.

Sí, pero era cando non se mallaba ca máquina.

- Cando se mallaba ao mallo, claro.

Cos mallos, ben sei...

- Aquí tamén armarían algunha.

Ighual, ighual, ighualito. Estabamos as mulleres, eramos as que espallabamos a palla, as mulleres solas, e os homes uns nos palleiros outros arredánda de diante. E cando un mozo lle tiña rabia a unha moza, sabes como lle facía?

- Pois non.

(Risa) Alabado sea!. Conforme a moza che estaba espallando, que non era coma aghora que aghora anda todo o mundo moi tapadiño pero daquela non se andaba, se escachabas a roupa se a roupa tiña vuelo víase todo, era certo. Ahora... que me importaba que me tirasen, aínda que non teñas pantalós, tes bragha, tes unhas medias subidas ata a cintura, non se che ve nada. Pero daquela non había nada. (Risa) E... unha vez púxose un por detrás dunha moza alí cabo, un mozo que lle tiña rabia, sabes? E veu outro por diante, conforme ela estaba así aghachada espallando meteulle así o corpo ao dela pillou a reviravolta por riba del pa trás. Pero despois pasouna puta, eh. Xuntámonos un arrebaño delas e non sei onde demo nos fixemos con dous ratos, mortos, que rabiaza el levou meu fillo!. Que rabiaza che lle dou aquilo!. Pero non houbo unha que dixese foi fulano, foi mengano, nin foi... Nesto, eu tiña un, outra tiña i-outro e claro, como pasaba por onda un cando estabamos espallando e sempre facían algunha mueca. Viña eu e metinllo no bolsillo da chaqueta, bueno, marchou e tal, non se dou por nada (risa). Pasaba por onda outra e tamén llo facía. Pero despois, démoslle en armar unha zarafanchada que alghún que tiña fame, que traía carne nos bolsillos e démoslle en decir así, como nos facían así trasnadas. A min nunca ma fixeron, eh. Non lle cadrou, nunca ma fixeron, nunca me fixeron así unha trasnada. Non, pero a algunhas facíanllas. Bueno, algunha se cadra merecíaa porque... se cadra comprometía dous mozos e entonces eles despois a piques de se learen, algunhas veces leábanse e andaban a tiros e, o demo!.